A CULTURA
É UN DEREITO

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

XXIII XORNADA:

RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA

FRENCH RIVIERA

FRENCH RIVIERA é un proxecto musical que conecta de cheo coa estética dos anos oitenta: sintetizadores, saxofón, talkbox, guitarras funk, baterías disco e unha aura cinematográfica que lembra a idade de ouro do néon e o retrofuturismo. Detrás do proxecto está David Fermoselle, saxofonista, teclista, compositor e produtor galego con ampla traxectoria en escenarios de todo o país (FIB Benicàssim, Sonorama, Jazzaldia, Low Festival, Arenal Sound...) tanto coa súa banda Belöp como formando parte de Villanueva. Algúns medios definiuno como “o Giorgio Moroder das Rías Baixas”. En 2021 publica Weekend In Montecarlo, unha viaxe sonora pola Costa Azul ao máis puro estilo outrun, entre funk e electrónica.

Actualmente atópase promocionando o seu novo disco, Caliente! (Ferror Records, 2025), unha produción que destila un inconfundible espírito dos anos oitenta reimaxinado para o presente. Tras os adianto de Rías Baixas, un golpe de electrofunk bañado en sintetizadores e neones, e Sábado Noite, onde a elegancia do disco funk se mestura con texturas hedonistas, Caliente! irradia enerxía, groove e luces sintéticas, levando a música de baile clásica a un terreo fresco e actual. Este traballo xa foi presentado en diversas salas de Galicia e Madrid, incluíndo o Festival da Luz, e foi galardoado co Premio Maketon de Los40 Vigo ao Mellor Disco en 2025 French Riviera nace coa ambición de ser referente do disco, funk e italo disco cantado en castelán e galego, recuperando a esencia da pista de baile clásica e reinventándoa para unha nova xeración. Cunha identidade sonora inconfundible, o proxecto mira ao pasado para proxectarse cara ao futuro.

Deputación DA CORUÑA

A CULTURA É UN DEREITO
CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS